



III Premio Internacional  
**COMPOSTELA**  
para álbums ilustrados



**kalandraka**

**PEP BRUNO E MARIONA CABASSA GAÑAN O III PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA COA OBRA "LA FAMILIA C"**


**Raimon Juventeny con "Manual del buen paseante" e Vanina Soledad Starkoff con "Bailar en las nubes" son os finalistas do certame**



A obra titulada "La Familia C", con texto de Pep Bruno (Barcelona, 1971) e ilustracións de Mariona Cabassa (Barcelona, 1977), é a gañadora do III Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados. O galardón, cunha dotación de 12.000 euros, conleva a publicación do libro en galego, castelán, catalán, euskera e portugués. Os traballos do catalán Raimon Juventeny Corberó, "Manual del buen paseante. Descripción en veinte puntos", e da arxentina Vanina Soledad Starkoff, "Bailar en las nubes", son os finalistas do certame.

O xurado estaba formado pola concelleira de Educación do Concello de Santiago, Mercedes Rosón; o tradutor e experto en literatura infantil e xuvenil, Xabier Senín; os ilustradores Gusti e David Pintor; Manuela Rodríguez en representación de KALANDRAKA; o xefe do Departamento de Educación de Santiago, José Manuel Rodríguez-Abella, e Beatriz Varela, como secretaria técnica.

"La Familia C" conta a historia dunha familia que adora o circo "e iso dálle cor á súa vida", explicou o autor, Pep Bruno. As ilustracións, realizadas con técnica mixta, destacan polo seu colorido e forza expresiva. En conxunto, é un álbum que o xurado definiu como "imaxinativo, orixinal e moderno".



O autor -afincado en Guadalajara- é licenciado en Filoloxía Hispánica, en Teoría da Literatura Comparada, e diplomado en Traballo Social. É narrador oral e escritor; ademais, imparte cursos, obradoiros e realiza actividades vencelladas aos libros e á animación lectora. Foi membro do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil de Guadalajara. Ten publicados varios álbums infantís e libros de contos para adultos. Gañou o IV Premio Internacional de Álbum Ilustrado Biblioteca Insular Cabildo de Gran Canaria.



A ilustradora tamén ten experiencia na publicación de álbums para público infantil. Estudou na Escola Massana de Barcelona e completou a súa formación académica en Francia. Participou en diversas exposicións colectivas de gravado e ilustración, e imparte cursos de arte e deseño. Recibiu o Premio da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña en 2003 e 2009. Ademais, foi seleccionada en 2005 para participar na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Bolonia.



A este III Premio Internacional Compostela presentáronse un total de 519 traballos. A cifra supera amplamente a participación da primeira e da segunda convocatorias, con 346 e 266 traballos, respectivamente. Ao galardón optaban máis dun milleiro de autores e ilustradores de 22 países. Por número de candidatos á presente edición, 252 orixinais proceden de España, seguida de Italia con 89, Arxentina con 26 e Portugal con 22. Outros dende os que tamén se enviaron proxectos foron México, Francia, Alemaña, Brasil, Rumanía, Hungría, República Checa, Estados Unidos, Ecuador, Xamaica, Colombia e Bolivia.



O alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, que presidiu o fallo do xurado, destacou precisamente que se trata dunha convocatoria “moi potente” polo elevado número de orixinais enviados dende países tan diversos. Os membros do xurado resaltaron a “progresión continua” do certame nas súas tres edicións, tamén se amosaron “abrumados” pola “enorme” cantidade de obras recibidas e “satisfeitos” dos acordos que adoptaron por unanimidade.



Reunión do xurado do III Premio Compostela e encontro posterior co alcalde de Santiago e coa concelleira de Educación

Ademais do álbum gañador, o xurado tamén apreciou a valía de “Bailar en las nubes”, un traballo “de estilo naïf” con referencias aos conceptos de cidade e multiculturalidade. En canto a “Manual del buen paseante”, considerárono un traballo “sutil e elegante, poético e suxerente”.

“La Familia C” súmase a “Cerca”, da arxentina Natalia Colombo, e “Un gran soño”, do mexicano Felipe Ugalde, que gañaron a primeira e a segunda edición do Premio Internacional Compostela, respectivamente. Como as súas predecesoras, KALANDRAKA presentará esta obra nas principais

feiras internacionais do libro, como Boloña (Italia), Frankfurt (Alemaña) e Guadalaxara (México).

O fallo do III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado marca o inicio da X Campaña de Animación á Lectura que organizan o Departamento de Educación do Concello de Santiago e KALANDRAKA, en colaboración coa Galería Sargadelos. Co lema “Un gran soño”, a campaña vólcase un ano máis en desenvolver actividades dirixidas a pre-lectores, escolares, educadores, bibliotecarios e promotores de lectura, público familiar e, por primeira vez, futuros creadores artísticos.

Ata o 22 de maio, o programa ofrece sesións de contos e música, visitas guiadas á exposición de ilustracións e obxectos artísticos, obradoiros de escrita creativa e de ilustración, actividades formativas para o profesorado, encontros con ilustradores e charlas para familias. O obxectivo da X Campaña de Animación á Lectura, que chegará a máis de 5.000 nenos e nenas de Santiago e da súa bisbarra, é achegalos á lectura nun clima motivador e creativo, inculcarlles o apreio polas producións plásticas, literarias e musicais como ben cultural nun contexto crítico e selectivo, e promover a tradición e a expresión oral da lingua galega.